

A NOVA REALIDADE DOS INCENDIOS FORESTAIS ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO



Secretaría de Saúde Laboral e Medio Ambiente UGT-CEC

A NOVA REALIDADE DOS INCENDIOS FORESTAIS ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO: PROPOSTAS DE UGT

Para **UGT** a verdadeira **solución** ante os **incendios forestais** pasa por unha **estratexia** de loita contra incendios **baseada na prevención**, contando con **medios técnicos e humanos suficientes**, que dispoñan dunhas **condicións laborais dignas**.

Consideramos de vital importancia establecer planes encamiñados á mellora dos nosos bosques, xa que son fundamentais para **protexer a diversidade biolóxica e combater o cambio climático**. É necesario xestionalos sostiblemente e loitar contra a desertificación, deter e invertir a degradación das terras e da masa forestal, así como a perda de biodiversidade. **Se non modificamos a forma de actuar, as consecuencias dos incendios forestais serán cada vez máis dramáticas**.

Desde UGT demandamos:

- ✚ Establecer unha **planificación territorial adecuada**, implementando políticas de desenvolvemento rural que fixen á poboación e creen emprego verde, fomentando, por exemplo, a recuperación do “silvopastoreo” para facer fronte aos incendios forestais ao mesmo tempo que se incentiva a economía e se asenta poboación rural.
- ✚ **Transformar o territorio en menos inflamable e potenciar masas forestais máis resilientes ao cambio climático**, mediante actividades como a extracción, redución e adecuación das masas arbóreas e arbustivas a través de traballos de silvicultura que contribúan á diminución da carga de combustible, a apertura de áreas contra o lume ou a práctica de tratamentos fronte a pragas e enfermidades.
- ✚ Apostar por unha **xestión forestal que vaia encamiñada a solucionar o aumento da continuidade e a acumulación da vexetación forestal baixo situación de estrés hídrico**, integrando tratamentos de aplicación da cultura do lume como axente rexenerador na paisaxe vexetal, que posibilite o descenso de carga de combustible nos nosos montes.
- ✚ **Elaborar**, desde as diferentes Comunidades Autónomas, **planes reais e eficaces contra os incendios forestais** dotados de partidas orzamentarias suficientes, **augmentando o emprego no sector, garantindo a continuidade durante os 12 meses do ano dos traballadores e traballadoras e o establecemento de labores preventivas todo o ano**.
- ✚ **Desenvolver o Estatuto Básico da Bombeira e Bombeiro Forestal**, que mellore as condicións de traballo deste colectivo e as iguale nas diferentes CCAA.
- ✚ **Aprobar unha Lei Básica Estatal dos Axentes Forestais e Medioambientales**, que estableza un marco normativo mínimo e común, co fin de reforzar as súas funcións e garantías.
- ✚ **Incrementar o emprego dedicado á conservación e o coidado da natureza e os espazos protexidos**. Debido ao descenso constante e paulatino dos postos de traballo nestes sectores nos últimos anos, as dotacións de persoal atópanse baixo mínimos, provocando en ocasións situacións de risco onde a integridade física das persoas traballadoras vese seriamente en perigo.
- ✚ **Promover campañas para sensibilizar e concienciar á sociedade** no seu conxunto sobre a **vinculación de cambio climático e os Incendios Forestais e as súas graves consecuencias**.

FeSP – UGT	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
San Caetano	Edif. San Caetano – Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
A Coruña	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@fesp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 356 127	fspferrol@galicia.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@fesp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	986 847 844	autonomica.pontevedra@fesp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	

